



Estudos de Lingüística Galega

ISSN: 1889-2566

elgilg@usc.es

Universidade de Santiago de Compostela
España

Domínguez Portela, Soraya

Polo camiño, polo camiño adiante e camiño adiante, tres fórmulas do locativo por onde en
galego

Estudos de Lingüística Galega, vol. 7, 2015, pp. 19-32

Universidade de Santiago de Compostela

Santiago de Compostela, España

Dispoñible en: <http://www.redalyc.org/articulo.oa?id=305641135002>

- Como citar este documento
- Número completo
- Máis artigo
- Revista Home en redalyc.org

redalyc.org

Sistema de Información Científica

Rede de Revistas Científicas de América Latina, Caribe, España e Portugal

Proxecto sen ánimo de lucro Académico, desenvolvido por iniciativa Acceso Aberto

Polo camiño, polo camiño adiante e camiño adiante, tres fórmulas do locativo por onde en galego

Soraya Domínguez Portela
IES Pazo da Mercé
dominguezportela@edu.xunta.es

Recibido o 04/11/2014. Aceptado o 03/02/2015

Polo camiño, polo camiño adiante and camiño adiante, three Galician locative constructions expressing “which way”

Resumo

Este artigo propón unha análise do funcionamento das construcións tipo *camión adiante*, isto é, a xuntanza dun substantivo e dun adverbio para indicar lugar por onde. Esta fórmula concorre, en desvantaxe no uso, con outras estruturas para expresar a dita indicación locativa, de maneira que para coñecer e entender o funcionamento da primeira debemos ter unha visión en contraste coas outras. Para desenvolver esta investigación baseámonos nun traballo de análise de corpus con rexistros extraídos de producións lingüísticas reais tiradas do Tesouro Informático da Lingua Galega. A visión contrastiva levounos a percibir que as diferentes opcións funcionan como un continuum que ten os seus extremos na construción con preposición *por* (*polo camiño*) —presentándose esta como a fórmula non marcada para indicar lugar por onde— e o acusativo locativo (dentro do esquema argumental de verbos de movemento transitivos, *colleu o camiño*). Nos estadios intermedios encontraríase a estrutura que é o obxecto do noso estudo e unha intermedia coa que comparte moitos aspectos do seu funcionamento: *polo camiño adiante*. Aínda encadrándose nun continuum construtivo, ou xustamente por poderen ser explicadas deste modo, cada unha das alternativas das que dispón a falante conta coas súas especificidades construtivas e tampouco son absolutamente equivalentes a respecto da información que transmiten.

Palabras chave

Substantivo, adverbio adxunto, locativo, rol semántico, rol sintáctico, variación lingüística, continuum formal, análise de corpus

Sumario

1. O lugar *por onde* en galego. 1.1. *Polo camiño, polo camiño adiante, camiño adiante*. 1.2. Continuum na construción do LPO. 2. Fronteiras de funcionamento entre P+S+A e S+A. 3. *Camiño adiante*, frase nominal ou substantivo adxunto ó adverbio? 4. Un caso particular de S+A: *substantivo de tempo cronolóxico + atrás*. 5. Conclusión.

Abstract

This article analyses the behaviour of Galician *camión adiante*-type constructions. This construction type consists of combining a substantive with an adverb to indicate a Path Locative Role. It is a less common construction than some other structures that express the same notion. To understand how it works, we therefore need to contrast all their uses. This study is based on a corpus of samples of real linguistic output in the Tesouro Informático da Lingua Galega. The contrastive approach shows that the various options belong to a continuum between, at one end, a prepositional construction with *por* (e.g. *polo camiño*), which acts as an unmarked exponent of a Path Locative Role, and at the opposite end the locative accusative (within the frame of transitive verbs of movement, e.g. *colleu o camiño*). The structure that is the object of our study occupies an intermediate position on this continuum, together with another intermediate structure with which it shares many aspects of behaviour: *polo camiño adiante*. Although they are part of a constructive continuum, or perhaps precisely because they can be described in this fashion, each choice available to the speaker has constructive features of its own. Nevertheless, they are not quite identical in regard to the information they convey.

Keywords

Substantive, adjunct adverb, locative, semantic role, syntactic role, linguistic variation, formal continuum, corpus analysis

Contents

1. Path Locative Role in Galician Language. 1.1. *Polo camiño, polo camiño adiante, camiño adiante*. 1.2. Continuum in the formation of Path Locative. 2. Borders between P+S+A and S+A. 3. *Camiño adiante*, nominal phrase or adjunct substantive plus adverb? 4. A particular case of S+A: *chronological time substantive + atrás*. 5. Conclusion.

1. O LUGAR *POR ONDE* EN GALEGO

Un dos principios reguladores dos idiomas é a economía lingüística, por conseguinte, sempre que encontramos unha multiplicidade de recursos para cubrir un mesmo oco debemos preguntarnos a que se debe esa coexistencia.

Para indicar o lugar *por onde* (LPO) se desenvolve unha acción ou movemento existen diferentes construcións¹. A máis empregada é a frase preposicional con relator *por* (Fpor) (1) introducindo un substantivo que refire vía, extensión, estancia, obxecto ou realidade —física ou non— que será percorrida. Mais xunto desta construción xorden outras catro con rol semántico e, coa excepción dunha, sintáctico parello.

En primeiro lugar, o oco do relator na frase preposicional pode estar cuberto por outras preposicións; o común nestes casos é que a escolla dun nexo diverso traia consigo unha maior concreción da natureza do movemento (2) cá achegada por *por*. Xunto de verbos transitivos de movemento o rol semántico de LPO pode estar ocupado por un acusativo locativo (AcLoc) (3). E, finalmente, podemos encontrar unha frase formada por *substantivo e adverbio de dirección* (S+A)² que refire o LPO (4) e que ten unha estreita interligazón coa mesma fórmula construtiva que se relaciona co verbo a través da preposición espacial de percorrido *por* (P+S+A) (5).

1. Lens sobe polos obenques e maillo mastro (Angueira 2012).
2. Subía entre as columnas e os racimos (Casares 1975).
3. Subimos as escaleiras (Prieto Casares 2013).
4. Deseguido subiu escada arriba (Iglesias Turnes 2012).
5. Ó ver que collían cara a onde eu estaba subeu por min arriba un estremecemento rápido (García Barros 1931).

Nas seguintes páxinas centraremos a nosa atención no funcionamento de S+A e, por extensión, en P+S+A. A pesar de que son fórmulas cun uso periférico na lingua en confronto con outras estruturas que indican LPO³, a excepcionalidade dos seus constituíntes xustifica que fosen obxecto de interese por outras e outros investigadores antes. A ausencia de preposición na primeira e a presenza dun adverbio de dirección xunto dun substantivo que xa indica unha vía en ambas singularízaas dentro da formulación das indicacións locativas. Por isto imos delimitar que información comunicativa fai que a falante escolla cada unha delas en detrimento das outras posibilidades de que dispón e que tipo de contextos semánticos, sintácticos e comunicativos son os máis propicios para o seu uso. Interéranos coñecer os tipos de formantes que entran en xogo nestas construcións: os campos semánticos máis comúns do substantivo e do verbo que rexe a construción temporal, a clase de adverbio, o(s) rol(es) sintáctico(s) da construción ou se existen condicionantes de estilo ou de tipo de lingua.

Para facelo, analizamos un corpus formado por un número total de 2917 rexistros extraídos do *Tesouro Informatizado da Lingua Galega* (<http://ilg.usc.es/TILG/>). As construcións cobren unha franxa temporal que vai dende o século XIX ata 2013 e inclúe textos de orixe oral e escrita, aínda que esta última ten unha presenza moito máis notoria no corpus, con textos académicos, literarios e xornalísticos.

1.1. *Polo camiño, polo camiño adiante e camiño adiante*

As estruturas Fpor, P+S+A e S+A están fortemente interligadas pola forma e pola información que transmiten. As tres cobren o rol semántico de LPO e as tres presentan como proxección

¹ Tomamos Domínguez Portela (2012) como fonte para a descrición de cales son as unidades que funcionan como LPO e cal é a importancia de uso de cada unha.

² Existen outras estruturas de S+A que, no sentido global da estrutura, se moven en dimensións semánticas diferentes á espacial, que é na que se centra este traballo, polo que non serán tratadas nesta investigación. Referímonos a construcións do tipo *mans* arriba, en que o construto refire unha indicación modal. No noso traballo, o obxecto de estudo son construcións S+A que teñen un rol semántico e sintáctico locativo.

³ En Domínguez Portela (2012), Fpor representa entre o 85% e o 90% dos rexistros que teñen unha estrutura que indica LPO; en confronto, nunha base formada por máis de 32 000 rexistros, aparecen 19 exemplos da construción S+A e 32 de P+S+A.

sintáctica preponderante o oco de complemento circunstancial dentro do esquema argumental do verbo. Mais, xa que na norma da lingua conviven, interésanos determinar cales son as singularidades comunicativas que lle fornecen estas construcións á falante.

Partimos da consideración de Fpor como a estrutura non marcada, sustentándonos no criterio de uso (véxase nota de rodapé 2). Por conseguinte, a pregunta que debemos formularnos é que información diferente traen consigo estouttras dúas posibilidades.

O engadido dun adverbio á construción base Fpor non é unha posibilidade libre, xa que existen condicionantes tanto na tipoloxía adverbial coma na do substantivo coa que comparte estrutura. A respecto dos primeiros, son adverbios locativos que refiren dirección e que teñen como primeiro formante dos seus constituíntes unha preposición; así no noso corpus rexistramos este tipo de construcións coas formas *adiante*, *arriba*, *enriba*, *abaixo* e *embaixo*.

Adverbio	P + S + A
abaixo	511
embaixo	43
arriba	285
enriba	36
adiante	688
endiante	32

Táboa 1. Rexistros de P+S+A no noso corpus segundo o adverbio de dirección

Non existe un comportamento idéntico entre os diferentes adverbios, pero vense pautas que nos permiten extrapolar liñas de funcionamento. Deste modo encontramos que teñen unha maior posibilidade de aparecer nestas construcións aqueles nos que o primeiro elemento deriva da preposición latina AD, indicadora, fundamentalmente, de dirección, pois, como xa indicamos, todos eles son adverbios de lugar que indican unha dirección (ou, en menor medida, orientación), non unha situación. Dentro do contexto comunicativo, esta referencia locativa do adverbio pode ser ou non redundante. De selo, o adverbio pasa a reforzar o sentido direccional que podemos extrapolar do substantivo indicador de vía cunha dirección lóxica (6) ou da direccionalidade establecida polo propio verbo (7). Mais se o adverbio determina unha direccionalidade non presupoñible por referencias contextuais (8), de elidírmolo, teríamos que utilizar outro esquema argumental (9) para que non se perdese información comunicativa. Isto é así porque a asunción do adverbio direccional fai que se fusionen dúas referencias espaciais nun mesmo complemento: con P+S+A, alén de indicar o LPO, tamén se especifica a dirección do desprazamento.

6. Foi andando como puido polo camiño adiante, astra chegar ós términos da aldea (*A Monteiro* 1890).
7. Subese polo brazo arriba ata o ombreiro dereito (*Bralo Rego* 1990).
8. Pola mar abaixo vai quen no corazón me leva (*Schubarth* 1993).
9. Vaise subindo polo xionllo, muslo, parte exterior do baixo ventre ata á altura do embigo, *voltando para abaixo polo medio da barriga* e a parte interna da perna ata os dedos (*Bralo Rego* 1990).

Por conseguinte, a presenza do adverbio en P+S+A ou é un marcador focalizador dunha dirección xa coñecida polo contexto semántico-sintáctico ou é un elemento comunicativamente rendible e diferenciador ó demarcar un aspecto da acción dunha maneira máis económica, xa que a alternativa é unha nova figura semántico-sintáctica de dirección para poder transmitir a mesma información.

Do mesmo xeito que existen condicionantes no adverbio, tamén os hai no substantivo da construción P+S+A. Nun 79% dos rexistros totais da nosa base o substantivo da construción refire unha vía de comunicación (*estrada*, *rúa*, *camiño*...) ou unha extensión de territorio (*monte*, *campo*, *cidade*...). Nun 13% do corpus o substantivo refire realidades facilmente relacionadas coa idea de 'vía', aínda que non sexan un camiño para percorrer; estámonos a referir a elementos

construtivos coma *columnas*, a partes do corpo coma *brazos* ou a árbores que poden ser percorridas en toda a súa longura. Por conseguinte, o tipo semántico de substantivos que entra na construción P+S+A está fortemente condicionado: contan co sentido de lugar para ser percorrido.

Tipo de substantivo	Número de rexistros para P+S+A	Porcentaxe de uso para P+S+A
Vía	440	30%
Extensión de territorio	705	49%

Táboa 2. En P+S+A, tipo de substantivo

Na construción S+A rexistramos como segundo elemento tamén adverbios de dirección cun elemento preposicional como primeiro constituínte⁴. Hai unha nova coincidencia naqueles máis empregados: son os que presentan o elemento latino AD como un dos seus formantes etimolóxicos.

Adverbio	Rexistros de S + A
abaixo	382
embaixo	15
arriba	328
enriba	40
adiante	210
endiante	5
atrás	342

Táboa 3. Rexistros de S+A no noso corpus segundo o adverbio de dirección

Por engadido, os ámbitos semánticos ós que se adscriben os substantivos desta construción son parellos, xa que refiren ora 'vía' ou 'espazo extensivo'. Mais vemos xa unha certa mudanza no dominio de que tipo de substantivos entran preferentemente a formar parte da construción S+A fronte a P+S+A. No caso de S+A, os substantivos que remiten a idea de 'vía' teñen unha potencialidade de uso dentro destas construcións maior. Con estes a interpretación do lugar como unha referencia de LPO é máis evidente; non é común que o camiño sexa o lugar de chegada ou de saída, senón que coincida co lugar de percorrido. Esta situación fai que sexa máis facilmente elidible a marca de LPO *por*, o que xustifica, á súa vez, que sexan estes os constituíntes máis comúns de S+A.

Tipo de substantivo	Número de rexistros para S+A	Porcentaxe de uso para S+A
Vía	550	57%
Extensión de territorio	348	35%

Táboa 4. Na construción S+A, tipo de substantivo

Mais para xustificar a elisión do nexa non é suficiente todo o descrito. Encontramos que S+A non pode complementar calquera tipo verbal: xorde primeiramente como unha figura do esquema argumental dos verbos de movemento con desprazamento (Táboa 5). Así, nos contextos en que o verbo refire un movemento con desprazamento e o substantivo da estrutura indica unha vía, é facilmente interpretable o conxunto S+A como especificador do LPO. A partir desa ausencia de ambigüidade interpretativa, *por* xorde como un elemento redundante e, por conseguinte, eliminable.

⁴ Engádesse *atrás* ós rexistrados dentro da construción P+S+A, mais este tipo de construcións son o suficientemente diversas das restantes no seu funcionamento e valor que xustifica un tratamento illado no apartado 4.

Tipo de verbo	Número de rexistros para S+A	Porcentaxe de uso para S+A
Movemento con desprazamento	875	73%
Interrupción do movemento	33	1,5%
Movemento sen desprazamento	45	2,5%
Estado	120	8%
Acción	69	3,5%
Acción dos sentidos e/ou intelectual	129	8,5%
Mudanza de estado	51	3%

Táboa 5. Tipo de verbo complementado por S+A

Para que sexa así, todos os elementos que favorecen a perda de *por* son, á súa vez, necesarios. Nesta liña enténdese as diferenzas que encontramos entre P+S+A e S+A no comportamento do adverbio direccional. Aínda que o verbo indique un movemento direccional (10) ou o substantivo unha vía para a que se presupón, pola experiencia da falante, unha dirección (11), o adverbio non é redundante como encontrabamos en P+S+A (véxanse os exemplos 6 e 7) nin tampouco se pode elidir se queremos manter unha construción gramatical xunto dun verbo intransitivo ou unha figura locativa indicadora da traxectoria non totalizadora xunto dos verbos de movemento transitivos (12). Pois no esquema argumental destes últimos, a construción S+A ocupando un rol semántico-sintáctico de indicación de LPO difire do esquema que presenta o verbo cando o adverbio direccional non acompaña o substantivo. Neste último caso estamos ante un AcLoc (13) que describe un espazo percorrido na súa totalidade. A construción S+A non especifica as dimensións da distancia percorrida; co que nos encontramos nestes casos é cunha indicación do espazo de LPO se move algo ou alguén e a dirección que o movemento leva. Isto é, hai unha fusión nun único complemento de dúas referencia espaciais: traxectoria e dirección, tal e como se dá en P+S+A. Mais o contexto permite, como vimos argumentando, a elisión da preposición propia de LPO —*por*—, quérese dicir, estamos ante unha unidade de máxima economía lingüística. Pero esta economía non permite máis aforros, por iso nestas construcións o adverbio é ineludible para estarmos ante unha construción locativa gramatical.

10. Desde lle pasou algo o atontamento botouse a ANDAR camiño adiante e logo encontróu unha cocha cos seus ranciños e díxolle (Carballo Calero 1963).
11. Perdéao de vista e botou río endiante, sin rumbo pola noite (Martínez Oca 1983).
12. Despois había unha costa, e baixabamos costa abaixo deica, e volvía haber estrada (Araújo 1996).
13. E cando íamos baixando a costa pergunteille (Castelao 1953).

Alén de que S+A e o AcLoc, xunto de verbos de movemento transitivos, non coinciden na información que transmiten —unha indicación da dirección do desprazamento xunto da especificación do LPO con S+A e a concreción da totalidade do espazo percorrido co AcLoc—, encontramos tamén unha diferente capacidade no acompañamento por determinantes. Mentres o AcLoc está habitualmente determinado por un artigo (3), o que reforza o valor totalizador do LPO, no noso corpus esta opción é moi minoritaria para S+A. Só aparece nun número de rexistros considerable a determinación por outro tipo de partículas gramaticais (determinantes numerais ou cuantificadores) da construción S+A cando o adverbio é *atrás*; mais as singularidades desta construción a nivel funcional son as suficientes para xustificar que a tratemos dunha forma illada no capítulo 4. No resto do noso corpus só recolleemos dous rexistros de artigo determinando S+A (14 e 15).

14. Larvas e insectos esgordrachados, que inzan e apestan o airo adiante (Cao Martínez 1983).
15. Malvar colle o campo arriba para a horta, pensando no muiño do tío Miguel, (Anónimo 1837).

Nos dous exemplos a construción mantén o valor totalizador propio do AcLoc e acompañan un verbo transitivo que rexe un rol obxecto que só pode ser ocupado por S+A. A pesar de ser unha estrutura menor no uso, refírenos un estadio intermedio entre as construcións de AcLoc e S+A que nos guía na interpretación deste grupo de construcións que indican no plano semántico o LPO: estamos ante un contínuum que ten os seus extremos en Fpor e no AcLoc.

1.2. Contínuum na construción do LPO

Xa vimos que existen fórmulas diversas que ocupan o rol semántico do LPO: Fpor, unha frase preposicional con relator non *por*, P+S+A, S+A, determinante xunto de S+A e AcLoc. Esta pluralidade de construcións non significa que exista absoluta equivalencia entre elas.

A presenza dun adverbio de dirección fai que nun mesmo complemento, alén de indicar o LPO, tamén se refira cara a onde se dirixe o movemento. De escoller a fórmula Fpor, para que non se perda información comunicativa deberase cubrir a referencia espacial de dirección con outro complemento diferente (véxase exemplo 9).

A fusión destas dúas referencias espaciais, ó demarcar a dirección do percorrido a través da construción de LPO P+S+A, representa un paso na economía lingüística. Mais non é aquí onde alcanza o seu máximo potencial. Se temos máis elementos que fan facilmente interpretable esa construción como unha referencia de LPO, a necesidade de manter a marca propia desa referencia locativa (*por*) redúcese. Así encontrámonos coa construción S+A, con elisión de preposición, mais sen ambigüidade comunicativa. Para evitar as dificultades de comprensión de S+A como a referencia de LPO dentro do esquema construtivo do verbo, os elementos que o configuran non son libres e todos encamiñan a interpretación semántica do construto. Deste modo observamos que o tipo de substantivos que entran en xogo nesta construción están altamente condicionados polo campo semántico en que se sitúan (véxase Táboa 4); preferentemente indican unha 'vía' para ser percorrida ou un espazo (columna, parte de corpo ou árbore) que poida referir esa mesma idea de movemento ó longo de algo. Ademais, a partir da análise do noso corpus, encontramos que esta construción non ten a mesma posibilidade de ser usada dentro do esquema argumental de calquera verbo; a preponderancia dos verbos de movemento é evidente ó alcanzar, no noso corpus de traballo, o 73% dos rexistros de S+A (Táboa 5).

A construción S+A está estreitamente ligada, á vez, co AcLoc dos verbos transitivos que requiren no seu esquema semántico unha indicación de LPO. A partir dos datos que podemos consultar en Domínguez Portela (2012), se un verbo transitivo require no seu esquema semántico unha indicación de LPO⁵, as posibilidades de que este se corresponda no plano sintáctico cun obxecto son moi altas. Así xunto dos verbos transitivos de movemento con desprazamento de dirección de traxecto e dos verbos de maneira de moverse continuos, a figura semántica LPO correspóndese cun AcLoc entre un 65% ata o 100% dos casos en que aparece esta figura sintáctica. Por conseguinte, o LPO no plano sintáctico non precisa a marca primeira desta referencia locativa (*por*) tal e como na construción S+A, mais semanticamente estas dúas construcións tampouco son absolutamente equivalentes entre si. Mentres o AcLoc describe o espazo como un lugar completamente percorrido, cun valor totalizador, esta idea pérdese con S+A. E, por outra banda, con S+A, alén de referir o LPO, tamén se indica a dirección do movemento a través do adverbio direccional.

Como xa vimos, entre estas dúas construcións encontramos un estadio intermedio: artigo+S+A. Esta construción moi minoritaria conxunta os valores das dúas estruturas anteriores e sêrvenos para reforzar a nosa interpretación de todas as construcións tratadas aquí: estamos ante un contínuum. Deste modo, son todas estruturas que se moven nunha dimensión semántica compartida, LPO, aínda que non absolutamente substituíbles entre si, o que xustifica a súa coexistencia na norma.

Fpor > P+S+A > S+A > artigo S+A > AcLoc

⁵ Para consultar con que tipo de verbos de movemento con desprazamento o LPO cobre un rol nuclear no seu esquema argumental, véxase Domínguez Portela (2012).

A construción Fpor aparece como a fórmula menos marcada de indicar o LPO, o que xustifica o seu alto uso en confronto coas restantes. No extremo oposto, o AcLoc está fortemente condicionado polo verbo que o rexe: aparece con verbos transitivos que indican un movemento con desprazamento de seu e focado no LPO. As construcións intermedias que configuran o obxecto de estudo desta investigación presentan condicionantes tanto no referido ós formantes da súa propia estrutura coma do verbo que complementan e os valores comunicativos son diversos das anteriores, xa que se fusiona á indicación de LPO unha referencia direccional do movemento.

2. FRONTEIRAS DE FUNCIONAMENTO ENTRE P+S+A E S+A

No corpus de traballo desta investigación encontramos un uso similar das construcións P+S+A e S+A (véxase Táboa 6).

Tipo de construción	Rexistros
S+A	1322
P+S+A	1595

Táboa 6. Rexistros de S+A e P+S+A no corpus de traballo

Ademais, tamén comparten aspectos de construción. Así encontramos que non existe unha relación entre o adverbio e a presenza/ausencia de preposición; en ambos os dous casos, o adverbio indica dirección e, preferentemente, terá como un dos seus constituíntes etimolóxicos a preposición latina propia desta referencia locativa, AD (contrástese Táboa 1 e Táboa 3). Mais hai diverxencias entre as dúas estruturas que xustifican a súa coexistencia. Non son oposicións absolutas, senón que marcan tendencias de funcionamento.

Un primeiro plano diferencial encontrámolo no rol argumental destas dúas construcións. No esquema semántico do verbo sempre ocupan a figura de LPO, mais a súa proxección sintáctica non é única (Táboa 7).

Rol argumental	S+A		P+SA	
	Nº de rexistros	% de uso	Nº de rexistros	% de uso
circunstancial de lugar por onde	1154	82,5%	1489	95%
Obxecto	62	6%		
circunstancial de tempo	32	3%	51	3%
circunstancial de modo	26	3%		
Atributo	16	1,5%		
modificador de frase nominal	20	2%	12	1%
modificador de frase adxectiva	7	1%	12	1%
Suxeito	3	0,5		
Predicativo	2	0,5%		

Táboa 7. Rol argumental de S+A e P+S+A

Aínda que o funcionamento maioritario é o de complemento de lugar por onde (clp) (16), cando a preposición se elide a fronteira entre esta figura e a de obxecto (cd) pode diluírse no esquema argumental dos verbos transitivos (17). É unha situación minoritaria e de difícil análise. No esquema semántico refire o LPO e, a diferenza do AcLoc, non indica un espazo plenamente percorrido; pero estamos ante verbos transitivos que, de non haber ningún outro elemento que poida cubrir o oco sintáctico de obxecto, farao S+A. Unha proba de que nestes casos non funciona como un AcLoc é que se pode dar a copresenza destas dúas figuras (18).

16. Vou na dorna mar adiante (Pérez Parallé 1995).
17. Prendeu un cigarro e en vez de coller costa arriba, para a casa, baixou pola beira do río (Martínez Oca 1995).
18. E logo colleu o camiño monte abaixo (Risco 1933).

Mais esta concorrencia entre S+A e o AcLoc é o espazo de maior afastamento entre S+A e P+S+A no referido á súa funcionalidade dentro da oración, mais non é o único. Aínda que nos movemos nunhas porcentaxes de uso moi menores, encontramos que a diversidade argumental que pode cubrir S+A é maior, xa que a ausencia de preposición permítelle cubrir ocos que con P+S+A darían como resultado estruturas agramaticais. Alén do referido cd, tamén pode indicar o modo en que se realiza a acción (cm) ou cubrir figuras do esquema sintáctico propias do nome coma o suxeito (sux), o atributo (at) ou o predicativo (pv). Todos estes contextos se moven na fronteira con estruturas frásticas fixas; deste modo, o construto *costa arriba*, plenamente fosilizado, xunto de verbos que non indican movemento é o que encontramos na práctica totalidade dos casos en que S+A funciona como cm (19), como sux⁶ (20), como at (21) ou como pv (22) e, por conseguinte, xa estamos ante estruturas afastadas do valor locativo orixinal (singularmente o exemplo 19), pero que nos serven para observar a versatilidade da construción sen preposición.

19. O campo de traballo non é moi malo pero cada vez faise máis costa arriba (Alonso 1969).
20. A costa arriba fíxoseme angreme (Cabana 1996).
21. A aldea de Mandaio toda ela é costa arriba (Pérez Ballesteros 1886).
22. Comenzaba o monte costa arriba, coa vertente coberta de carpazas mestas (García Barros 1972).

Situación diferente son os restantes valores sintácticos que poden desenvolver S+A ou P+SA: son variacións do rol primeiro, clp. Modifican (modf ou modfx) un substantivo ou un adxectivo que refire un movemento de seu, polo que o modificador, isto é, S+A ou P+S+A, continúa especificando o LPO se desenvolve un desprazamento neste caso referido por un substantivo (23) ou por un adxectivo (24). Ao funcionaren como unha indicación temporal, nestes contextos o sentido tamén se move dentro da idea de *por onde*, mais a dimensión física pasa a ser temporal a través do substantivo da construción (25). Este é un caso de proxección entre as dimensións espacial e temporal, situación esta que foi obxecto de análise en numerosos traballos anteriores (Aguirre Fernández de Lara 2012, Ruiz Grillo 2012; Heine, Claudi, Humnemeys 1991, Evans 2013) e que nós aquí podemos só mencionar.

23. *A camiñata Hórreo arriba*, a rúa mesma, non cadraban coa miña idea (Franco Grande 1985).
Cando deu a noticia da *carreira por Monsfor adiante*? (Diéguez, 1996).
24. Pro como un rolante pelouro maquiado por a *arroiada costa embaixo*, deulle pulo a voce do estudante (Otero Pedrayo 1960).
Non sei se decircho... Estaba a mirarme na lúa, *ceibado por ela adiante* coma as becerras cando moscan (Barxa Iglesias 1972).
25. *Noite adiante*, os ladridos do can espertaronme algunha vez (Santiago 1976).
Visitou o Hospital, onde viu cousas que non hai *polo ano adiante* (O Tío Marcos da Portela 1877).

Un segundo ámbito de relativo afastamento achámolo no constituínte nominal de S+A e P+S+A. Mentres, como vimos, o adverbio non presenta unha singularidade de predisposición de esixencia ou non do nexo propio de LPO, non acontece o mesmo co substantivo. A elisión da preposición vese favorecida se no construto xorde un nome que indica unha vía (26) pola que se desenvolve o movemento ou unha realidade que poida ser interpretada como un espazo polo que ir (27).

26. Corredoiro arriba cara a Cañás, iban o Noso señor i a súa compañía (Carré Aldao 1898).
27. Non obstante, meixela abaixo vin escorregarlle o brillo dunha bágoa (Abella Chouciño 1998).

⁶ Nestes casos o que hai é unha substantivación co determinante da estrutura fixa "costa arriba".

Isto non quere dicir que cando aparece un substantivo desta natureza se elida de seu a preposición de LPO (véxase Táboa 8); o que encontramos é unha preponderancia de nominais que poidan ser percorridos e que, por conseguinte, fan máis presumible a natureza do movemento que están a indicar.

Tipo de substantivo	S+A	P+S+A
Vía	57%	30%
Extensión de territorio	35%	49%

Táboa 8. Tipo de substantivo que xorde en S+A e P+S+A

Como xa vimos, o verbo que complementa o S+A é outro condicionante máis que, combinado co tipo de substantivo, reforza a indicación de LPO sen preciso da preposición propia desta (*por*). Tanto con S+A coma con P+S+A, o núcleo verbal que completan refire un movemento con desprazamento na ampla maioría dos rexistros en que son utilizadas; no noso corpus, en máis do 70% dos rexistros (73% xunto de S+A e 76% de P+S+A) estas construcións complementan un verbo de movemento con desprazamento. Mais encontramos unha particularidade no tipo de movemento indicado polo verbo. Hai moitas máis posibilidades de que a preposición de LPO se elida con aqueles verbos que refiren un movemento con desprazamento focado no traxecto (28) ou un movemento con desprazamento continuo (29) e que, por conseguinte, de precisar explicitar unha indicación espacial esta será o LPO (Táboa 9).

28. Atravesan o arroio en determinados puntos corrente arriba, deixando mostras do seu paso (López Períago 1991).

29. Alanzouse a ela, arrastrándoa após de si estrada adiante (Cortezón Álvarez 1981).

Estes verbos esixen no seu esquema argumental unha referencia de LPO (véxase nota 4), combinados cun substantivo que indica vía, a interpretación da construción que acompaña o núcleo verbal como o elemento que cobre ese rol argumental é moito máis segura e, por conseguinte, favorece a elisión de *por* ao aparecer como unha marca redundante nestes casos.

Tipo verbal	S+A	P+S+A
Verbo de movemento con desprazamento focado no LPO	48%	29%
Verbo de movemento con desprazamento focado no lugar de chegada	48%	66%
Verbo de movemento con desprazamento focado no lugar de partida	4%	5%

Táboa 9. Tipo de movemento que indica o verbo complementado por S+A ou P+S+A

Para que a preposición se elida é moi importante que o verbo xa indique de seu un desprazamento que, xunto do tipo de substantivo (unha vía ou espazo percorrible) fan presumible a natureza locativa da referencia espacial. Para evitar entón a redundancia comunicativa, pasa a estar ausente a preposición. Esta situación vese claramente naquelas construcións onde o substantivo que ocupa o rol semántico de traxecto desenvolve a función sintáctica de CD (*andar o camiño*). Como xa vimos, no noso corpus encontramos situacións en que sintacticamente o rol sintáctico de obxecto é cuberto por S+A, mais sen ser equivalente co uso dun AcLoc, o que redundna na nosa tese: esta construción é o último chanzo alcanzado ata o de agora nun proceso de economía lingüística onde se fusionan dúas referencias espaciais e se elide o nexos prepositivo direccional cando o contexto semántico da estrutura así o permite a través do tipo de verbo e de substantivo que indica o percorrido.

S+A e P+S+A presentan entre si puntos de afastamento que nos marcan tendencias diversas na combinación verbal que as rexe, na diversidade funcional dentro do esquema argumental do verbo e na natureza dos propios constituíntes da construción. Mais a análise do noso corpus ofertounos unha outra pauta de comportamento relativamente diverxente entre estas dúas

construcións: o contexto da situación comunicativa e o tipo de discurso en que a construción se insire.

A elisión da preposición propia do LPO é máis común nun contexto formal ca nunha situación de coloquialidade (Táboa 10). A isto debe sumárselle que naquelas fontes que no noso corpus representan a lingua oral —sexa por estarmos ante transcricións, sexa por procuraren reflectir en maior ou menor grao este tipo de lingua—, a ausencia de preposición é moi reducida; mais débese ter en conta que a case totalidade destes rexistros se encadra nun estilo de lingua coloquial. En confronto, naqueles tipos discursivos onde a formalidade é moi alta, por exemplo, na poesía culta, predomina a elisión do nexo fronte á súa explicitación (Táboa 11). Deste modo, podemos concluír que, alén dos condicionantes puramente construtivos referidos, achamos outro que favorece a elisión de *por*: o estilo de lingua. Canto maior sexa a formalidade do discurso, singularmente se este é escrito, as opcións de que a preposición se perda aumentan. Non é de estrañar este comportamento, xa que é xustamente na lingua escrita, ó poder volver cando sexa preciso sobre o propio discurso, onde as posibilidades de equívoco ou ambigüidade se reducen xustamente polo seu carácter imperecedoiro. Ademais, nun discurso formal a preocupación por evitar reiteracións que empobrezan o texto é maior, o que xustifica a utilización de estratexias menos habituais na lingua oral en que o éxito da transmisión comunicativa sempre é máis urxente xa que é imposible retroceder. Só resta repetir a mensaxe ou crear unha nova.

Estilo	S+A	P+S+A
Formal	65%	44%
Coloquial	35%	56%

Táboa 10. Estilo de lingua do discurso en que se utiliza S+A e P+S+A

Tipo de discurso	S+A	P+S+A
Narración (en P3 ou P1)	76%	73%
Descrición	13%	6%
Poesía culta	1,5%	0,5%
Discurso oral: diálogo, cántiga, transcrición, conto	9,5%	19,5%

Táboa 11. Tipo de discurso en que aparece S+A e P+S+A

Estamos entón ante dúas construcións simultáneas no tempo que no plano semántico indican o LPO co engadido de referir a dirección do desprazamento a través do adverbio. A equivalencia non é absoluta entre elas e encontramos que, para poderse elidir a preposición de lugar, é necesario que se dean unha serie de condicionantes construtivos que eviten a ambigüidade comunicativa e nunca poñan en perigo o éxito da comunicación.

3. CAMIÑO ADIANTE, FRASE NOMINAL OU SUBSTANTIVO ADXUNTO Ó ADVERBIO?

Existe un abondoso debate na filoloxía hispánica sobre o papel que teñen cada un dos dous elementos da construción S+A con sentido de LPO. A discusión céntrase sobre cal deles é o elemento nuclear, isto é, se o substantivo é o acompañado polo adverbio ou se o adverbio se fai acompañar polo substantivo.

A nosa proposta de análise afástase do defendido por Coromines (1980-1991) ou Sanches Lancis (2003), mentres que é parella á de Rigau e Pérez Saldanya (2008). Tal e como adiantamos en Domínguez Portela (2012), consideramos que o adverbio modifica o nome. O argumento primeiro para soste esta postura é a existencia da construción P+S+A. Nesta última o relator une o verbo co substantivo para especificar unha referencia espacial de LPO para a acción e o adverbio engade unha información direccional. Esta mesma situación mantense cando a preposición desaparece por ser presumible, xa que o substantivo xa refire de seu unha vía ou espazo extenso polo que se vai desenvolver a acción, fundamentalmente cando esta é un movemento con

desprazamento focado no LPO. Esta hipótese vese reforzada polas características construtivas da estrutura: os elementos que entran en xogo están fortemente condicionados polo ámbito semántico en que se sitúan, de maneira que a información que fornecen axudan á presuposición do rol semántico-sintáctico da estrutura sen necesidade de requiriren a presenza do relator propio do LPO *por*.

A segunda columna que sostén a nosa hipótese é a xa referida estreita interligazón que encontramos entre S+A co AcLoc no esquema argumental dos verbos de movemento con desprazamento transitivos. Esta situación reforza a proposta de contínuum na indicación de LPO. Estamos ante un cambio aínda en proceso do que podemos observar todos os seus estadios e onde o adverbio se utiliza para indicar a dirección dun movemento de LPO referido polo substantivo, estea introducido pola marca primeira de LPO, isto é, *por por* ou *non*.

Consideramos que estes dous argumentos son suficientes para propor a nuclearidade do substantivo nunhas construcións onde se evidencia a interligazón entre os seus membros léxicos e o propio contexto en que son utilizadas. Mais, atendendo as construcións *substantivo de tempo + atrás* encontramos un novo reforzo a esta hipótese.

4. UN CASO PARTICULAR DE S+A: SUBSTANTIVO DE TEMPO CRONOLÓXICO + ATRÁS

Dentro das construcións S+A encontramos un funcionamento singular naquelas en que os membros que se coaligan son un substantivo propio do campo semántico do tempo cronolóxico e o adverbio direccional *atrás*. No noso corpus de traballo rexistramos 342 construcións de S+A en que o adverbio é *atrás*; no 85% delas o substantivo refire unha indicación temporal.

Nestes casos, o construto S+A non ocupa o rol semántico de LPO; especifica unha indicación temporal (30). Só en catro rexistros do noso corpus o rol sintáctico muda. Nestes casos encontramos dúas posibles situacións. Ou estamos ante verbos transitivos propios de marcación do paso de tempo *facér/haber* para os que S+A ocupa o rol de obxecto (31), mentres que o conxunto da oración (verbo marcador do paso do tempo e S+A) funciona como unha demarcación temporal doutra acción; ou ante unha substantivación por fosilización de S+A (32).

30. Sentir a noite así ou tempo atrás ter sabido das horas que deparan o corpo para a luz (Lorenzo Baleirón 1985).

31. Considero á muller máis lanzada hai uns anos atrás ca neste momento (Heinze 1985).

32. Pode representar tempo adiante ou tempo atrás (Aneiros 1991).

Cando o substantivo non refire tempo, tampouco estamos ante unha construción que encaixe no funcionamento descrito ata o de agora para S+A. Na case totalidade dos casos encontramos que un determinante substantiva a estrutura ou estamos ante unha fixación do construto. Deste modo, S+A ocupa o rol argumental de *lugar en* (33), atributo (34), obxecto directo (35), suxeito (36) ou predicativo do obxecto (37).

33. Volveu a enterada muller a aceá-lo pano uns centímetros atrás, que era un costume que tiña sempre que ía arrincar a falar (Carballo Ferreiro 1993).

34. Máis rapidez e pouca reflexión, eran a maioría das veces un paso atrás, en lugar de ser un avance (Fernández Ferreiro 1994).

35. Eles ven[o] coma un proceso que non ten volta atrás (A Nosa Terra 1993).

36. Segue a grande conta atrás (Souto 1997).

37. Papa de reevangelización e hai sectores que o consideran un paso atrás naquelas doutrinas (A Nosa Terra 1993).

E é que o dominio no uso de *substantivo de tempo + atrás* fai que se extrapolen características desta á construción con ese mesmo adverbio aínda que o substantivo non refira unha indicación de tempo. Pois xustificar que eses condicionantes só se deben ó adverbio non nos serve como explicación: *atrás* refire de seu ou unha indicación espacial ou unha temporal, polo

que non se entendería que combinado cun substantivo se seleccionase un único dos seus significados. Por conseguinte, podemos afirmar que encontramos aquí un novo argumento que reforza a nosa tese sobre a nuclearidade do substantivo en S+A. A súa natureza semántica dirixe a interpretación do adverbio e do conxunto da construción cara á dimensión na que o nome se sitúa, neste caso, no tempo. Así cando S+A non refire o LPO ó describir un fragmento temporal polo que se desenvolve ou desenvolveu unha situación concreta é debido ó significado do substantivo que, como núcleo da estrutura, determina o seu valor global.

Por outra banda, nesta construción existe unha interrelación moi forte entre os membros que xustifica que boa parte dos casos en que son usados respondan a estruturas plenamente fosilizadas (tempo atrás, volta atrás, conta atrás) ou expresións máis ou menos fixas da lingua formal escrita (páxinas atrás, liñas atrás, capítulos atrás). Así se explica que case no 50% dos rexistros a construción estea determinada, normalmente por partículas cuantificadoras (38). Mentres con S+A esta era unha opción moi menor que poñía esta estrutura en interligazón co AcLoc, aquí non hai a posibilidade desta interpretación.

38. Recoñeceuno de telo visto unhas semanas atrás (Frías Conde 1997).

Estamos ante unha indicación temporal coa que, pola presenza do adverbio, aforramos o uso dunha oración subordinada para transmitir a idea de tempo pasado (“telo visto hai unhas semanas”). Noutra volta, S+A funciona como unha estratexia de economía lingüística, pero diversa á descrita como xenérica para S+A, pois o seu funcionamento dáse no plano temporal que extrapola os seus condicionantes construtivos —en grande medida tamén semánticos— a aquelas situacións minoritarias onde o substantivo non refire tempo.

5. CONCLUSIÓN

No noso idioma dispomos de diferentes estratexias para indicar o LPO, mais nin todas contan cunha mesma normalidade no uso nin son absolutamente equivalentes entre si. Neste traballo defendemos que están estreitamente interligadas de maneira que configuran un contínuum con todas as súas fases aínda vixentes na norma.

A fórmula máis común de indicar LPO é Fpor; de mudar a falante o relator da frase, veremos que existe unha mudanza na información transmitida, de maneira que se especifica algún aspecto concreto do movemento que con *por* quedaría sen indicar.

Se lle engadimos á construción primeira —Fpor— un adverbio de dirección, o resultado é que alén de referir o LPO tamén se especifica a dirección do movemento. Isto é, estamos ante unha estrutura en que se fusionan dúas referencias espaciais nunha única figura semántico-sintáctica. Ao tempo, se o contexto comunicativo elimina a ambigüidade interpretativa de modo que a única forma de entender ese construto é como unha indicación de LPO e de dirección, a preposición *por* elídese. Isto acontece fundamentalmente cando S+A modifica un verbo de movemento con desprazamento que focaliza a referencia espacial LPO e cando o substantivo da construción indica unha vía que será percorrida. Ademais, encontramos que é máis común o uso de S+A fronte ó seu par con preposición de LPO, P+S+A, en textos formais e na lingua escrita. Mais, tal e como en P+S+A, consideramos que o adverbio acompaña o substantivo, xa que este é o elemento nuclear da construción. Esta nuclearidade vese claramente en como o tipo de substantivo determina o ámbito semántico-sintáctico do construto; así se o nome indica unha referencia temporal, S+A situarase nesa dimensión, tal e como vimos en *substantivo de tempo+atrás*.

O último chanzo deste contínuum encontrámolo no AcLoc. Indica un LPO xunto de verbos transitivos de movemento focados nesta referencia locativa, pero, a diferenza de S+A, non engade información direccional, mais si marca o lugar como plenamente percorrido. Engade un sema de totalidade sobre o movemento que con ningunha outra fórmula de LPO se transmite. Pero o espazo entre S+A e AcLoc aparece difuminado naqueles contextos en que o primeiro aparece xunto dun verbo de movemento transitivo e non existe ningunha outra figura que cu-

bra o rol de obxecto. Ese espazo de interconexión non significa, en ningún caso, equivalencia entre S+A e AcLoc: rexistráronse exemplos de oracións onde coexisten estas dúas unidades o que demostra que estamos ante estruturas diferentes.

Por conseguinte, son todas elas estratexias vivas e encaixables baixo o mesmo rol semántico de LPO, pero nin son absolutamente equivalentes e intercambiábeis entre si nin contan cunha mesma normalidade no seu uso.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Aguirre Fernández de Lara, Roberto (2012): *Proyecciones espaciales para la relación entre las referencias temporal y modal en el procesamiento del lenguaje*. Barcelona: Universitat Autònoma de Barcelona. <http://www.tdx.cat/bitstream/handle/10803/97345/rafl1de1.pdf?sequence=1>
- Coromines, Joan (1980-1991): *Diccionari etimològic i complementari de la llengua catalana*. Barcelona: Curial.
- Domínguez Portela, M^a Soraya (2012): *Construcións verbais en galego e portugués: verbos de movemento*. USC. Tese de doutoramento inédita.
- Heine, Bern / Ulrike Claudi / Friederike Hünemeyer (1991): *Grammaticalization: A Conceptual Framework*. Chicago: University of Chicago Press.
- Rigau, Gemma / Manuel Pérez Saldanya (2008): "Formación de los sintagmas locativos con adverbio pospuesto", en Concepción Company Company / José G. Moreno de Alba (eds.), *Actas del VII Congreso Internacional de Historia de la Lengua Española*, vol. I, 1055-1072. filcat.uab.cat/clt/publicacions/reports/pdf/GGT-06-18.pdf.
- Ruiz Grillo, Leonor (2012): "Espacio y tiempo en las locuciones adverbiales del español", en Carsten Sinner (ed.), *Tiempo, espacio y relaciones espacio-temporales en la fraseología y paremiología españolas*. München: Peniopo, 153-169.
- Sánchez Lancis, Carlos (2003): "El valor preposicional de los adverbios locativos del español medieval y moderno", en Fernando Sánchez Miret (ed.), *Actas del XXIII Congreso Internacional de Lingüística y Filología Románica*, vol.II. Tübingen: Max Niemeyer, 291-305.
- Evans, Vyvyan (2013): *Language and Time: A Cognitive Linguistics Approach*. Cambridge: Cambridge University Press. <http://dx.doi.org/10.1017/CBO9781107340626>
- Referencias bibliográficas dos exemplos**
- Santamarina, Antón (coord.): *Tesouro informatizado da lingua galega*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. <http://ilg.usc.es/TILG/>
- A Monteiro. *Semanario de intereses rexionales e literatura*. Nº 14-22 (1890).
- A Nosa Terra. *Periódico Galego Semanal* (3ª época), nº 586 (09/09/1993).
- Abella Chouciño, Xelucho (1998): *A ermida do diaño*. Vigo: Galaxia.
- Alonso, Dámaso (1969): *Narraciones orales gallego-asturianas*. Madrid: Gredos.
- Aneiros, Manuel (1991): *Quiromancia*. A Coruña: Vía Láctea.
- Angueira, Anxo (2012): *Iria*. Vigo: Xerais.
- Anónimo (1837): *Encuentro y Coloquio que tiveron n a pontella da Chaina*. Santiago: Universidade de Santiago de Compostela (1991).
- Araújo, Emilio (1996): *Cinsa do vento: Libro da Ribeira Sacra*. Santiago: Noitarenga.
- Barxa Iglesias, Francisco (1972): *Andadas do Xan Cativo*. Vigo: Galaxia.
- Bralo Rego, Elisardo (1990): *Medicina natural popular e caseira*. Ourense: Galiza Editora.
- Cabana, Darío Xohán (1996): *Morte de Rei*. Vigo: Xerais.
- Cao Martínez, Camilo (1993): *Idilios do Feal de Ansemil*. Vigo: Edición do autor.
- Carballo Calero, Ricardo (1963): *Contos populares da provincia de Lugo*. Vigo: Galaxia.
- Carballo Ferreiro, Xosé Manuel (1993): *Don Otto de viaxe pola chaira*. Lugo: Citania de Publicacións.
- Carré Aldao, Eugenio (1898): *Rayolas*. A Coruña: Em-prensa e Librería de E. Carré.
- Casares, Carlos (1975): *Xoguetes para un tempo prohibido*. Vigo: Galaxia.
- Castelao, Alfonso Daniel (1953): *Os vellos non deben de namorarse*. Vigo: Galaxia.
- Cortezón Álvarez, Daniel (1981): *A vila sulagada*. Sada: Edicións do Castro.
- Diéguez, Lois (1996): *A canción do vagamundo*. Santiago: Sotelo Blanco.

- Fernández Ferreiro, Xosé (1994): *A cidade das chuvas*. Vigo: Xerais.
- Franco Grande, Xosé Luís (1985): *Os anos escuros*. Vigo: Xerais.
- Frías Conde, Francisco Xabier (1997): *As esperanzas de Abu el-Hol*. A Coruña: Espiral Maior.
- García Barros, Manuel (1931): *Contiños da terra*. A Coruña: Nós.
- García Barros, Manuel (1972): *As aventuras de Alberte Quiñoi*. Vigo: Castrelos.
- Heinze, Úrsula (1985): *Arredor da muller en 18 mundos*. Vigo: Xerais.
- Iglesias Turnes, Manuel (2012): *As rapazas de Xan*. Vigo: Xerais.
- López Perriago, E. et alii (1991): *O poder autodepurador dun solo sobre o que se aplican produtos contaminantes procedentes de actividades agropecuarias*. V Xornadas de Estudo: A Sanidade animal en Galicia. Sada: Edicións do Castro, 147-195.
- Lorenzo Valeirón, Eusebio (1985): *O corpo e as sombras*. Ourense: Caixa de Aforros de Ourense.
- Martínez Oca, Xosé Manuel (1983): *Os chapurros*. Sada: Edicións do Castro.
- Martínez Oca, Xosé Manuel (1995): *Náufragos en terra*. Vigo: Xerais.
- O Tío Marcos da Portela* (1ª época), parrafeos 27-62 (1877).
- Otero Pedrayo, Ramón (1960): *O señorito da Reboraina*. Vigo: Galaxia.
- Pérez Parallé, Xosé María (1995): *Poemas, cantigas*. Sada: Edicións do Castro.
- Pérez Ballesteros, José (1886): *Cancioneiro Popular Gallego*. Vol. III. Madrid: Akal (1979).
- Prieto Casares, Eduardo (2013): *Folliñas que levou o tempo. Contos da Ribeira Sacra*. Ourense: Deputación de Ourense.
- Risco, Vicente / A. Rodríguez Martínez (1933): *Estudo etnográfico da terra de Melide*. Sada: Edicións do Castro (1978).
- Santiago, Silvio (1976): *O silencio redimido. Historia dun home que pode ser outro*. Vigo: Galaxia.
- Schubarth, Dorothé / Antón Santamarina (1993): *Cancioneiro popular galego. VI Coplas diversas*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Souto, Xurxo (1997): *Fumareu*. Vigo: Xerais.